

## Notas léxicas galegas (II)

### 1. AMOAR E AMUAR

Na obra de Fr. Juan Sobreira (*Papeletas de un diccionario gallego*, ed. de J.L. Pensado, 1979, pp. 180-181) aparecen xa rexistradas estas voces: "AMOAR. V. r. de Ribadavia. Enmudecer por enfado, resentimiento, etc. *Amorrar. Colmar. Emmorroarse*, etc. Item: Ribadavia misma: Callar utcumque, no responder por desprecio, enfado u otra cualqu coasta = En Lemos *Amuar*".

No diccionario da R.A.G. (1913 e ss.) recóllese a mesma definición destas voces que practicamente pasará a tódolos diccionarios posteriores. Anteriormente o de M. Valladares (1884) definía *amoarse* así "amostazarse, irritarse" e *amuarse* como "amohinarse; enojarse".

Aníbal Otero no seu traballo "Hipótesis etimológicas (C.E.G., 14, 1959, p. 98) define *amoar* como "apelotonarse, hablando de las ovejas" e *amuvar* como "esconder las cabezas unas reses en el cuerpo de otras, como hace el ganado lanar".

No libro de C. García, *Glosario de voces galegas de hoxe*, 1985, p. 52, danse como rexistradas en Montederramo *amoar* e en Castro Caldelas *amuvar* coa seguinte definición: "bajar la cabeza las ovejas reunidas en montón aprovechando la sombra que ellas mismas proyectan cuando hace mucho calor".

Nos diccionarios modernos quedan claramente definidas ámbalas dúas voces como "calarse por causa dun enfado", "baixa-la cabeza e non responder a unha pregunta", "enoxar", "pór de mal humor", "enfadar", etc. Teño constancia do uso literario dos participios, empregados adxectivamente, destes dous verbos. O escritor do século pasado X.M. Pintos usa *amoado* no sentido de "abatido, envergoñado":

O can da vila amoado  
o rabo ja entrepernaba  
e tenro ó outro miraba  
como pedindo perdón

(*A Gaita Gallega*, 1853, p. 64).

E o poeta contemporáneo Celso Emilio Ferreiro usa *amuado* na significación de "taciturno, abatido, mal humorado, aburrido", como vemos nestes versos:

Alviscar o misterio  
 das luces que se acochan na cidade  
 e dos nenos amuados que saen dos colexios  
 cando o serán se troca en chiscos fluorescentes.

(*Poesía galega completa*, 1984, p. 517).

Existe tamén en portugués *amuar* con acepcións semellantes ás galegas de aburrir, importunar, mal humorar, pero con outras distintas: gardar diñeiro sen rendementos, insistir moito, non madurecer, non abrollar, non resolver, etc.

Non sei se todas estas acepcións portuguesas poderían corresponder a un verbo común. Pero se partimos da base dun *amuar* "enmudecer, mal humorarse, pórse taciturno, baixa-la cabeza, etc." dubido moito que poidamos acepta-la etimoloxía proposta por J.P. Machado (*Dicionário etimológica da Língua portuguesa*, 4ª ed., 1987, p. 237) de que este verbo é un derivado de *mu(u)* "mulo", xa que a este animal non lle podemos atribuír ningunha das características que atopamos na nosa voz. Antes ben, dicimos dunha persoa bruta, ignorante que é un mulo ou mesmo dunha persoa forte. Por tanto non cremos que o noso *amuar* ou *amoar* proceda da voz *mulo*.

Tampouco vémo-la posibilidade de que a nosa voz proceda, como quere Aníbal Otero (*op. cit.*, p. 98), de *mole*, pensando nunha grande xuntanza de ovelas, nin tampouco de *mudo*, como aparece nos dicionarios de Xerais (1988) e Alonso Estravís (1986).

Coidamos que *amuar* e *amoar* deben ser postas en relación coas voces galegas *amorrar*, *amorroarse*, *amorrañarse*, etc. que teñen a mesma significación. Xa o citado Sobreira (*op. cit.*, pp. 185-186) cita *amorrar* como "sentirse débil y acometido de enfermedad y por eso no hablar", "non ter gana de falar nin gusto consigo", "pór morros, enfuciñarse"...

Penso, pois, que *amuar* e *amoar* teñen a mesma base onomatopeica da que naceu *morro* "fuciño avultado", "outeiro" e os seus derivados *murria*, *morriña*, etc. (cfr. Corominas, D.C.E.C.H., 1980 e ss., s.v. *morro*), é dicir, *murr*, pero reducida a *mu*.

## 2. CARAFIO

Resulta un tanto rechamante o feito de que a Real Academia Española introduciuse recentemente no seu Dicionario (1984) a voz tan popular *carajo*, cando a súa correspondente galega *carallo* apareceu incorporada hai máis de medio século no Dicionario da Real Academia Galega (*Diccionario gallego-castellano*, 1913 e ss., p. 405), no que lémo-la seguinte explicación: "Miembro viril. Bien qui-siéramos suprimir este vocablo tan soez, indecente y bajo, pero su uso tan generalizado nos obliga a incluírlo. Además, tenemos el precedente de insertarlo Valladares en su vocabulario y el de aparecer en muchísimas composiciones del Can-

cionero de la Vaticana". E a continuación danse os testemuños dos poetas Joan de Guillade e Fernando Esquío.

Efectivamente o dicionario de M. Valladares incluía a voz *caralla*, forma menos popular cá de *carallo*. Ámbalas dúas verbas foron sempre recollidas nos dicionarios posteriores, se ben nalgúns se facía fincapé no feito de que eran vocábulos soeces.

Sen embargo os grandes escritores galegos (Rosalía de Castro, Pondal, Curos Enríquez, Otero Pedrayo, Castelao, etc.) evitaron no pasado estas formas. A situación na actualidade cambiou radicalmente e, como exemplo do uso de *carallo*, examinámo-la obra do poeta ourensán Celso Emilio Ferreiro (1914-1979) na que vémo-lo emprego desta en tódolos seus significados populares.

Así pois este escritor usa *carallo* no sentido recto de membro sexual do home:

Xacobe, douche dez pesos si me enseñas o carallo.

(*A fronteira infinda*, 1972, p. 61)

O carallán comentaba: Home pequeno, carallo campante.

(*A taberna do galo*, 1978, p. 46),

no sentido popular de "tío":

Nesta puta vida calquer carallo, si ten mando abusa... Un deles decía, iste carallo queda borrado

(*A fronteira infinda*, 1972, pp. 16 e 66),

na expresión *do carallo* para calificar algo ou alguén de pouca importancia ou valor:

e ti facéndote o mártir, porco do carallo

(*A fronteira infinda*, 1972, p. 103)

ou *de carallo* para significar excelente, estupendo, segundo vemos neste texto no que se poden comparar ámbalas dúas expresións:

Imos ver, díxolle a un sobriño que fora nomeado alcalde, si agora eres un alcalde de carallo ou un alcalde do carallo, que che son dous alcaldes ben diferentes

(*A taberna do galo*, 1978, p. 46)

e en expresións populares como *manda carallo*, para manifestar admiración, sorpresa ou anoxo:

e que agora me alcontre tan soño e abandonado, manda carallo.

(*A fronteira infinda*, 1972, p. 98)

e facía unhas copras e cantares descontra os caciques, que mandaban carallo

(*A taberna do galo*, 1978, p. 14).

Con todo, como dicíamos arriba, na maior parte dos escritores e no nivel culto e distinguido da lingua aparecen usados eufemismos baseados na alteración dos fonemas finais que van tras da vocal tónica (cfr. E. Montero Cartelle, *El eufemismo en Galicia*, Anexo 17 de *Verba*, 1981, pp. 54 e 188), á parte doutros de diferente tipo.

Entre eles tivo bastante fortuna literaria *carafío*, que xa foi usado no século pasado por escritores como Lamas Carvajal e Valladares:

Haxa paz, icarafío!  
oubíndeme, calma

(*A musa das aldeas*, 4ª ed., 1909, p. 24)

iAh, carafío, exclamou Félis dando no chan un golpe

(*Maxina*, 1980, p. 105)

e por escritores modernos como Blanco Amor e Celso Emilio Ferreiro:

iE, que carafío, non era cousa de pórse a picar

(*A esmorga*, 1970, p. 30)

Pro, por si chegase o intre  
de mandar todo ó carafío,  
meu vello can de palleiro,  
meu Celso Emilio Ferreiro  
vai facendo un epitafío

(*Obras Completas*, 1984, p. 366)

E esta voz dá lugar a variantes que modifican os fonemas finais como *carafe*, *caráfita*, *caráfeta*, *carapio*, *carape* e *carápolas*, que son recollidas nas obras lexicográficas.

Pero, ó lado do noso *carafío*, foron empregadas polos escritores voces como *carau*:

iquen m'a empata, carau!

(Francisco Añón, "O magosto", en *Album de la caridad*, 1862, p. 33),

*caráspeta*:

icaráspeta! dixo falando entre dentes

(Curros Enríquez, *Aires da miña terra*, 1986, p. 98).

Traballiños que pasamos  
non son pra ditos, caráspeta

(Lamas Carvajal, *op. cit.*, p. 31),

e outras como *caraina*, *carainas*, *carástolas*, *caracio*, *caracha*, *caracho*, *carácholas*, e tal vez algunhas máis non recollidas nas obras lexicográficas.

Finalmente digamos que estes eufemismos teñen un competidor no castelánismo *caramba* que xa usou Rosalía

iCaramba, coa muller esta!  
Dixo enfadado San Pedro.

(*Follas Novas*, 1880, p. 200)

e usou tamén o escritor C.E. Ferreiro:

Con tanto falar da bamba,  
con tanto darlle á taramba,  
con tanto bailar a rumba,  
que por fin morreu, caramba

(*Op. cit.*, p. 396).

### 3. CARTAFOL

A voz *cartafol*, exclusivamente galega, ten tódolos significados da palabra portuguesa e castelá *cartapacio*, que está testemuñada desde o século XVI e é de orixe descoñecida polo que se refire ó segundo termo deste vocábulo: *pacio*.

A voz *cartapacio* entrou na lingua galega probablemente na mesma época que nas linguas veciñas, e así se mantivo ata o día de hoxe. Pero tal vez no século XVIII, cando os nenos galegos comezaron ir á escola, levaban os libros nun *fol*, verba derivada do latín *folle*, que ten en galego non soamente a significación de instrumento para sopra-lo lume, senón tamén a de saco de pel para levar gran, fariña, etc. Pénsese ademais no *fol* das gaitas chamado así pola súa forma de saco.

Así pois, o *fol* empregado para levar cousas serviría tamén ós nenos para leva-los libros á escola, e resulta completamente normal que a voz *cartapacio* modificase o seu segundo elemento *pacio* en *fol*. No primeiro dicionario galego-castelán, o de F.J. Rodríguez (1863) definía a voz *cartafol* así:

Vade o vademecum, cartapacio, bolsa o funda en que los niños de la escuela llevan sus papeles y más trebejos de la clase. Estos vades suelen ser de piel de fuelles usados (v. fol) y así vendrá esta voz de carta o papel guardado o que se lleva en cartera o vade de fuelle.

Nos dicionarios posteriores de Cuveiro e M. Valladares cópiase esta explicación, pero no dicionario da Real Academia Galega e posteriores son incluídas nesta voz as acepcións que ten a voz *cartapacio*.

*Cartafol* no sentido de carteira escolar é empregado polo escritor Castelao:

Pedriño... ía pensativo, cos libros no cartafol remoendo unha codia de pan de millo.

(*Os dous de sempre*, 1934, p. 41)

e na significación de libro de apuntamentos é bastante usual entre os nosos escritores. *Cartafol de poesía* (1936) é o título dunha colección de poemas de Celso Emilio Ferreiro e Xosé Velo Mosquera.

#### 4. FÍRGOA

A voz exclusivamente galega *firgoa* ten a significación de fenda, racha ou greta. Non hai dúbida que nesta voz atopamos un caso máis de rotacismo do S implosivo seguido de consoante sonora (cfr. R. Lorenzo, "El rotacismo en las lenguas románicas", *Verba*, 2, 1975, p. 136), que é bastante frecuente en galego.

*Firgoa* tivo que ter pois como antecedente a voz *fisgoa*, derivada do verbo *fisgoar*, que A. Otero (*Vocabulario de San Jorge de Piquín*, Anexo 8 de *Verba*, 1977) testemuña na comarca estudiada como "rachar".

*Fisgoar* é resultado normal do verbo latino *fissiculare* (usado por Apuleio coa significación de "cortar, parti-las entrañas das vítimas), que non deixou descendentes noutras partes da Romanía. E ó lado de *fissiculare* formouse outro verbo \**fissicare* que deu lugar ó menos na antiga provincia de Gallaecia á voz *fisgar* 'rachar' (Vid. Corominas-Pascual, D.C.E.C.H., s.v. *hender*).

*Fisgar* "rachar" (hoxe moi pouco usado, pero rexistrado en varios dicionarios) e o seu derivado *fisga* (sinónimo de *firgoa*) están emparentados co adxectivo bastante usual nalgunhas zonas de Galicia *feso* 'fendido', 'esgazado' (moi corrente na expresión *labio feso*, equivalente a 'labio leporino' (Vid. ademais J.L. Pensado, *Estudios etimológicos galaico-portugueses*, Salamanca 1965, pp. 34-35), procedente do participio latino *fissum*, do verbo *findere* 'fender'.

Digamos que toda esta familia de palabras que ten que ver co participio de *fender* non ten relación con *fisgar* 'pescar ou coller moluscos con fisga' e *fisga* 'arpón' ou 'arte de coller moluscos', aínda que en tódolos dicionarios galegos e portugueses aparezan as *fisgas* 'fendas' mesturadas coas *fisgas* 'arpóns'.

Xa Corominas-Pascual (*op. cit.*) falou do uso de *firgoas* como título dun libro de poesías escritas por Manuel L. Acuña (1931). Engadamos algúns exemplos literarios do uso desta voz:

non houbo *firgoa* nin rexouba por onde poidera traslucir a verdade.

(R. Otero Pedrayo, *O mesón dos ermos*, 1936, p. 112)

Non me chame ninguén por outros nomes,  
alcumes meus en *firgoas* entrevistos...

O tempo leva grímpolas de berros pendurados  
dun aramio de espiño, leva *firgoas* de luz...

-Unha firgoa de luz tremeluce entre os pinos  
 -Non é firgoa, que é  
 o espello do río

(C.E. Ferreiro, *O.C.*, pp. 48, 112 e 460).

## 5. GURRAR

A verba *gurrar* é unha palabra exclusiva da lingua galega que ten hoxe, segundo un dos últimos dicionarios (X.G. Feixó e outros, *Diccionario da lingua galega*, Ir Indo, 1984), as seguintes acepcións: "Pelexar, brigar. Discutir. Porfiar, teimar. Facer resistencia, forcexar. Turrar. Andar de mala gana as vacas co carro".

E de *gurrar* saen o substantivo *gurra* 'pelexa, discusión' e os adxectivos *gurreiro* e *gurrón* 'teimoso, obstinado, discutido'. *Gurrar* é forma bastante estendida e foi usada por algún escritor. Sirvan de exemplo estas frases que tomamos de R. Otero Pedrayo:

Ao pensar na tía xanota as verbas "bruxa, demo, candonga, porca", gurrando por saír, faguíanlle mal na língoa...; Soupo gurrar a tempo... e foi diputado

(*O mesón dos ermos*, 1936, pp. 12 e 150).

Coido que a significación que ten *gurrar*, nalgures equivalente ó verbo *turrar* na acepción de puxar, empuxar, facer forza, etc., lévanos a pensar que teñen certas interferencias léxicas.

Parécenos que en principio *gurra*, que é unha variante de *engurra* que temos recollida no Tesouro léxico do I.L.G. pola parte sudoriental da provincia de Ourense, e *gurrar* proceden de *engurra* e *engurrar* (ou *agurrar*) e que do significado normal que ten *engurrar* de 'facer rugas', 'encollerse', 'abaterse' pasou a forma reducida *gurrar* a significar 'camiñaren vacas encolléndose', 'resistírense as vacas a tirar do carro' etc., e de aí facilmente a 'facer resistencia, forcexar'.

Curiosamente cando *gurrar* acada esta significación entra en colisión con *turrar* tomando na práctica as mesmas acepcións. Incluso a significación especial de *turrar* 'escornar' tena *gurrar* nalgúns puntos do sur de Galicia.

Creo que *gurrar* pertence á familia léxica de descendentes do latín *rugare* e que foi modificando ó longo dos tempos as súas significacións ata o día de hoxe en que practicamente se confunde co verbo *turrar* polo seu parecido fónico.

## 6. LANGRAN

Xa Fr. Juan Sobreira (*Papeletas de un diccionario gallego*, Ed. de J.L. Pensado, Ourense, 1979) constata no século dezaioito a existencia en galego da voz

*langrán* á que lle dá o mesmo significado cá verba *alarbio*: "El que es de cuerpo grande o gordo o uno y otro".

O gramático do século pasado Francisco Mirás (*Compendio de gramática gallega castellana*, Santiago, 1864) coñece tamén esta voz que define como "alto, macilento, lleno de harapos", definición que copian os dicionarios de M. Valladares, L. Carré, Eladio Rodríguez e posteriores. Pero o deste último engade a acepción de "desidioso, vago, desmañado, que tiene aversión al trabajo, que sirve para poco o para nada, a pesar de su cuerpo descomunal".

*Langrán* é voz moi popular con esas significacións segundo comprobamos en C. García (*Glosario de voces galegas de hoxe*, Anexo 27 de *Verba*, 1985) e é empregada polos escritores:

O vento que fungaba nas vereas  
era un home langrán envolto en brétema  
cun fol ó lombo pra levar meniñas.

(C.E. Ferreiro, *O.C.*, p. 45)

Polo serán pilloume un crego de Tabeirós con bigotes e dúas ducias de langrás con trabucos

(R. Otero Pedrayo, *O mesón dos ermos*, 1936, p. 64).

Este último autor usa continuamente o derivado *langranote* con certo matiz afectivo:

rapazas e rapaces, uns pequeneiros e outros xa langranotes (*Ibid.*, p. 13)

Non ten medo de "Nube negra", langranote aviado nas ferrerías... Foise brincar cos langranotes das ribeiras... Alí estaba o langranote do pai.

(*Devalar*, 1935, pp. 9, 17 e 89).

Probablemente pensando na idea de vagabundear, García de Diego (D.E.E.H. 1985) cita o xermanismo *landern* "vaguear" para explica-lo étimo desta voz exclusiva galega que xa J. Corominas-J.A. Pascual (D.C.E.C.H.) puxeron en relación con *largo* e *longo*.

Temos en galego as voces *longueiro* 'moi longo' e *longueirón*, molusco alongado semellante ó chamado *navalla*, por un lado; e temos tamén as voces comúns *largueiro* 'moi largo' e 'listón ou madeira ó longo de calquera cousa' e *largueirón* como variante do citado molusco. Se podemos dicir dun home alto que é *longueiro* ou *largueiro* ¿non se puideron crear uns hipotéticos *longueirán* e *largueirán* que por cruce ou influencia mutua desen como resultado o noso *langrán*?

## 7. PREA

O descendente da voz latina *praeda* 'botín, presa', *prea* en castelán, galego e portugués conservouse na Idade Media coa súa significación orixinaria, pero logo tanto no castelán coma en portugués quedou esquecida esta voz.

O galego *prea* mantense moi vivo actualmente, conservando soamente o significado común das tres linguas citadas só nalgunha expresión como *andar de prea*, que o dicionario de Eladio Rodríguez define así: "dícese en Lugo cuando los mozalbetas andan robando fruta".

Pero o significado fundamental máis parecido ó étimo dáo o primeiro dicionario galego, o de F.J. Rodríguez (1863), que di así "ánima (muerto y a disposición de los lobos, perros, aves, etc.". Nos dicionarios posteriores vai modificándose esta definición para chegar ó sentido que ten hoxe a voz castelá *carroña*: corpo morto, putrefacto, en descomposición e carne podre.

Facilmente pode comprenderse a evolución semántica desta voz para pasar a ser aplicada a calquera cousa despreziable ou a calquera persoa que apesta pola súa conducta moral e social. E de aí tamén o significado de inútil, nugallán, de pouco valor, etc.

Aínda que esta voz é bastante popular non foi moi empregada polos escritores agás algunhas excepcións. Sirvan de exemplificación estas frases do escritor ourensán Celso Ferreiro:

Un ripio asnal, un fillo de mulato,  
un puto de burdel, un tafur nato,  
un caco de feirón, un lendía prea

eran as ducias de burros,  
de alcaldes mulos,  
de burgueses incultos,  
de badocos incivís  
e de outras ilustres preas  
que en grandes greas  
trotran polo noso país.

Polo contrario, esas preas  
que malversan a Daniel  
e se din seus albaceas,  
son unha récoa falsaria  
con careta galeguista  
que esconden a faz cavernaria

(O.C., 1984, pp. 268, 374 e 415)

CONSTANTINO GARCIA  
Universidade de Santiago de Compostela